



A DEFINICIÓN DE PALABRAS

LINGUA GALEGA E LITERATURA 2º BACH

ACTIVIDADE INICIAL

Define as seguintes palabras

- Alfinete
- Beirarrúa
- Demo
- Delgadez
- Contaminación
- Marxismo
- Amigable
- Espreitar





Índice

01

**Requisitos
básicos da
definición**

02

Substantivos


**2.1. Concretos
2.2. Abstractos**

03

Adxectivos

04

Verbos





Requisitos básicos da definição

**Ter em conta o
contexto**



**A palavra
definida non
pode entrar na
definição**

**Non empregar
sinónimos**

2.1. Substantivos concretos

Hiperónimo+descricao de trazos particulares (forma, tamaño, utilidade...)

Alfinete: peza de metal, de forma, tamaño e grosor similares aos da agulla, que acaba en punta nun dos extremos e nunha cabeza no outro.

Beirarrúa: espazo ao lado das rúas e das estradas reservado para que circulen os viandantes.

Demo: ser imaxinario que, popularmente e para a relixión cristiá, representa o

2.1. Substantivos adstractos

Derivados de adxectivos	“Condición, calidade ou carácter do que é +adx ou sinónimo do adx.”	<i>Delgadeza</i> : condición do que é delgado, fraco, de pouca carne; fraqueza
Derivados de verbos	“Acción e resultado de+verbo e sinónimo do verbo ou explicación”	<i>Contaminación</i> : acción e resultado de contaminar, alterar a pureza ou as calidades naturais dun elemento; polución
Derivados de substantivos	Actitude do que... / Doutrina, sistema, movemento, tendencia	<i>Marxismo</i> : sistema sociopolítico baseado nas teorías do materialismo dialéctico e histórico de Marx e Engels

3. Adxectivos

Podemos comezar por expresións como “realtivo a”, “dise da persoa ou cousa que”, “aplicase a “, “calidade de”...etc.

amigable. adx. Pertencente ou relativo á amizade

4. Verbos

A definición esixe outro verbo de significado máis amplo ou un sinónimo.

Espreitar: Observar [algo ou alguén] con atención, procurando non ser visto

OLLO!!

Se os substantivos, verbos, adxectivos e adverbos son palabras derivadas, é importante coñecer o valor do prefixo ou sufixo!

Amabilidade: Calidade de amable

Condición, acción ou calidade	-ada, -dade, -eira, -aría, -ez, -eza, -ía, -iza, -ume, -ura	<i>parvada, desigualdade, coxeira, tolaría, altivez, dureza, ousadía, xustiza, acedume, tristura</i>
-------------------------------------	--	--

ERROS COMÚNS NA DEFINICIÓN DE PALABRAS

1. Evitar as fórmulas **é, trátase cando definimos un substantivo:**

caza furtiva: trátase captura e/ou matanza....

de carácter forte: é unha característica....

2. Non se pode empregar a palabra definida na definición

caza furtiva: realización da caza de maneira ilegal

caza furtiva: caza ilegal

3. - Non se pode comezar a definir un substantivo empregando un verbo:

prostitución do proceso de creación científica: facer un uso negativo da investigación para obter un beneficio

4. Non se pode comezar a definir un substantivo coas mesmas fórmulas empregadas para os adxectivos (que...)

prostitución do proceso de creación científica: que non deixan que se leve a cabo o dito proceso

OPCIÓN A

2 A Dian Fossey que eu coñecín era unha muller tímida pero de carácter forte. Chegara a África a finais de
1966. No campamento Karisoke afondou no coñecemento dos gorilas. Pero os seus esforzos non se
4 limitaron só a estudar estas criaturas; Dian Fossey tamén se dedicou a crear unha conciencia en contra da
caza furtiva.

6 Aquela incansable muller amaba os gorilas. Cando contactaba cun deles, poñíalle nome. O gorila co que
acadou unha maior comunicación chamábase Digit.

8 —Morreu nunha emboscada de cazadores furtivos. Candoouben da súa morte pensei que toleaba.
Intensifíquei a miña loita contra os cazadores furtivos: cheguei a prepararilles trampas. Daquela
empezaron os meus enfrontamentos co goberno de Ruanda.

10 Esta loita a cara descuberta procuroulle moitos inimigos. Inimigos grandes e pequenos. Entre estes
últimos se contaban algúns indíxenas locais. Había indíxenas que cazaban gorilas por pura necesidade. A
12 zona onde estaba situado o campamento era moi pobre. E un cacho de carne sempre era ben recibido na
boca daquela xente esfameada: carne do animal que fose. En ocasións, Dian Fossey combateu esta
14 práctica xogando coa superstición dos indíxenas. Na África negra a xente adoita ser supersticiosa. Moitos
africanos son animistas e cren que os mortos viven entre os vivos. Dian Fossey, consciente diso, ás veces
16 presentábase como o espírito dunha meiga que castigaría a aquel que fixese dano aos gorilas.

18 Dian Fossey tensou demasiado unha corda que era fráxil. E foi asasinada. Os seus restos mortais
descansan a carón dos de Digit.

SOLUCIÓN DEFINICIÓN ABAU xuño 2019 (opción A)

De carácter forte: forma de ser de quen non se deixa apoucar por ninguén.

Caza furtiva: captura ilegal de animais.

Xente esfameada: persoas que pasan moitas necesidades alimentarias.

Superstición: crenza en que feitos sobrenaturais teñen unha importancia capital nos acontecementos das nosas vidas.

Animista: persoa que cre que todos os seres teñen alma.

TEXTO

Luis naceu en Malpica en 1999. O 13 de novembro de 2002 tiña tres anos. Cando lle pregunto que lembra do afundimento do Prestige, contesta que unha conversa no coche dos seus pais. El vai na parte de atrás. É pequeniño, ten os ollos grandes e cústalle ver fóra. Ao mellor conducen preto do mar, pero non se ve o mar. Na conversa dos adultos podería aparecer a palabra chapapote. Na conversa dos adultos hai un fedor e unha negrura. É **viscosa** a conversa dos adultos. Iso é todo canto lembra Luis.

Dezanove anos despois, teño a sensación de que a memoria da catástrofe foi borrada. Que ninguén nos dixo nada, que ninguén nolo repetiu as veces suficientes. Hai un par de semanas acudía en Compostela á representación de N.E.V.E.R.M.O.R.E., a peza de teatro documental coa que a Chévere reivindica o relato das voces baixas ao tempo que pon en escena o argumento pesado da **burocracia** que xerou o caso. Durante dúas horas respirei no público rodeado de persoas que si lembraban os días agónicos do Prestige, que si tiveran que decidir hai case dúas décadas entre acudir a limpar chapapote ou quedar na casa, entre manifestarse ou facer como que non pasaba nada. Ao final, sentín que parte daqueles espectadores emocionados eran tamén culpables da miña, da nosa desmemoria.

Non hai monumentos, non hai **loito nacional** ou lembranza anual. En Noia, na vila onde medrei, un grafiti enorme miraba á ría e berraba: NUNCA MÁIS. Quedounos o **slogan** coma un símbolo. Pero haberá dentro de cinco, dez anos, adolescentes capaces de interpretalo? Xente nova capaz de saber que aquilo é un signo de identidade? Que o nunca máis é a memoria dun pobo en pé cos ósos feitos de chuvia, unha manifestación de paraugas negros? Saberemos transmitir esa lección de dignidade?

O Prestige puido ser a grande lección de mobilización social, de política non partidista. O exemplo a seguir para todos os que viñamos despois. Pero non o foi. A desmemoria é proba diso. No N.E.V.E.R.M.O.R.E. de Chévere, ao final da obra, ocupan o fondo do escenario pancartas e frases das manifestacións da época. No centro, unha saba negra di: “O futuro non é o que vai pasar senón o que imos facer”. Que fixemos?, pregunto hoxe.

Ismael Ramos. *ElDiario.es*. 14/11/2021 (adaptación)

SOLUCIÓN DEFINICIÓN ABAU xuño 2022

Viscosa: relativo a un carácter espeso, non fluído.

Burocracia: influencia excesiva que ten a Administración pública nun asunto, caracterizada polo exceso de trámites e intermediarios que dificulta a resolución do problema.

Loito nacional: día de conmemoración dunha traxedia

Slogan: frase curta, fácil de recordar, que busca ser un lema impactante para identificar un conflito ou loita.

TEXTO

Unha *casa* sen balcón é hoxe en día unha **froita con becho** no mercado inmobiliario, tamén aquela á que non lle toca a luz do sol. Esas cousas, que sempre importaron, agora importan moito máis e, diante da ameza dun novo confinamento ou unha nova pandemia, a xente quere terra que pisar. Con todo, eu, que vivo xa na aldea, que decidín hai ben de anos ter espazo e luz e terra abonda, non sei ben que pensar. Porque para min o período de confinamento fíxome reflexionar tamén sobre ese modelo de cidade difusa, de améndoa de núcleo urbano no que moitas de nós nos embarcamos alá polos finais dos noventa e a primeira década dos dousmil. Decateime, neses días cara adentro, eses días de ocupar con plena consciencia o espazo doméstico, da impostura deste rural que estamos construíndo.

Para min, de procedencia urbana, o campo, a natureza, foi sempre, antes que nada, paisaxe. Eu o que quería era vivir nunha contorna fermosa, alimentarme da beleza malia non saberlle o nome aos *paxaros* nin as herbas, non ter nin idea dos ciclos lunares nin das épocas de semente e de colleita. Tampouco me importaba saber moito sobre a veciñanza, nin a igrexa nin os santos, nin as familias nin as súas historias, esas manchas de aceite que perviven e trazan mapas invisibles. Habitar a aldea como moitas de nós fixemos e continuamos facendo é un **simulacro**, un coma quen. Porque, en realidade, a présa, a impersonalidade, o individualismo trouxémolos canda nós ao vir habitar aquí. Vivimos na aldea como se vivísemos nun **espazo residencial**, nun barrio desa cousa que se denominou cidade-xardín, pero que, é importante subliñalo, non chegou nunca a implementarse de verdade. Os que vivimos na contorna rural das grandes cidades galegas sabemos ben que habitamos un espazo híbrido, un **frankenstein sociolóxico**, que non é quen de crear un concepto cabal de comunidade.

SOLUCIÓN DEFINICIÓN ABAU xuño 2023

Froita con becho: expresión que identifica metaforicamente unha situación ou obxecto bo que ten unha pega.

Simulacro: Acción simulada, en particular a que realizan os soldados como técnica de adestramento.

Espazo residencial: lugar empregado para vivendas onde polo xeral residen as clases acomodadas

Frankenstein sociolóxico: expresión que identifica o carácter hídrido dunha persoa

TEXTO

Mónica Marcos era muller, tiña 52 anos e foi asasinada, presuntamente, pola súa parella. Mónica tiña 2 fillos e rexentaba unha panadaría no barrio coruñés do Birloque. Unha veciña afábel, atenta; unha persoa "marabillosa", segundo a describían onte, ao saber do asasinato, veciños e veciñas.

A Mónica non a **acoitelaron** por ser afábel, ou quizás si. Nin por ser atenta, ter 52 anos, ser nai de 2 fillos ou rexentar unha panadaría. Ou quizás pode que tamén a **matasen** por todo iso. Mais a Mónica asasinárona por ser muller. Non é unha novidade. As cifras do **feminicidio** e da violencia machista están aí para quen non queira fechar os ollos.

O presunto asasino, a parella de Mónica, tiña antecedentes por violencia de xénero en relación a outras 2 mulleres. Un dato que, por arte de maxia, nunca falta quen o empregue para deitar sospeitas ou **culpabilizar** a propia vítima. En vez de empregalo para nos preguntar até que punto os machistas con antecedentes manteñen a súa rutina, a súa vida, a súa normalidade. Normalidade, esa é a palabra que nos debería aterrar.

Xesús M. Piñeiro. *Nós Diario* (17/09/2021)

PREGUNTA 1. Comprensión do texto de Xesús M. Piñeiro.

1.1. Explique brevemente a intención do autor ao escribir este artigo. **(0,5 puntos)**

1.2. Indique dous recursos de cohesión de diferente tipo (un gramatical e outro léxico) que empregue o autor para referirse a Mónica. **(1 punto)**

1.3. Comente o sentido que teñen no texto as seguintes expresións: “para quen non queira fechar os ollos” e “Normalidade, esa é a palabra que nos debería aterrar”. **(1 punto)**